Táboa 2.3.14. Grao de dificultade para escribir en galego segundo a categoría docente

	CATEGORÍA DOCENTE					
	Catedrático/a de universidade	Titular universitario/Contratado/a de escola universitaria	Contratado doutor/a	Asociado/a	Outro	Total
NS/NC		1,4 %	1,1 %			0,9 %
Ningunha	42,9 %	59,2 %	62,0 %	71,4 %	75,0 %	61,9 %
Pouca	46,4 %	25,9 %	31,5 %	23,8 %	15,0 %	27,5 %
Moita	10,7 %	13,6 %	5,4 %	4,8 %	10,0 %	9,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,154

2.3.2. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ORAL

Neste apartado pretendemos analizar o tipo concreto de dificultades lingüísticas que teñen as/os docentes da nosa universidade para desenvolver plenamente a súas actividades oralmente en galego. Para iso utilizouse unha escala numérica de 1 a 5, en que 1 correspondía á dificultade mínima e 5 á máxima.

• Descoñecemento da gramática do galego

No relativo ás dificultades xeradas polo descoñecemento da gramática do galego, obsérvase que case a metade do profesorado expresa que estas son mínimas e case un vinte por cento manifesta ter un grao elevado de descoñecemento da gramática galega.


Táboa 2.3.15. Descoñecemento da gramática do galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	45,1 %	53,2 %	48,4 %
2	23,1 %	12,9 %	19,0 %
3	13,2 %	12,9 %	13,1 %
4	9,9 %	16,1 %	12,4 %
5	8,8 %	4,8 %	7,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,345

• Mala pronuncia

A mala pronuncia non é un impedimento tan grave como o descoñecemento da gramática do galego, só un 10 % do profesorado manifesta ter elevadas dificultades con esta.



Táboa 2.3.16. Mala pronuncia

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	64,1 %	59,3 %	62,3 %
2	16,3 %	18,6 %	17,2 %
3	10,9 %	10,2 %	10,6 %
4	5,4 %	6,8 %	6,0 %
5	3,3 %	5,1 %	4,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,954

• Falta de fluidez

A falta de fluidez si que semella ser unha dificultade significativa á hora de comunicarse oralmente en galego para un 25 % dos/as docentes. Esta é claramente superior entre as mulleres, dado que case un 39 % ten dificultades elevadas, por só un 16 % dos homes.

Táboa 2.3.17. Falta de fluidez

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	50,5 %	37,3 %	45,4 %
2	20,4 %	8,5 %	15,8 %
3	12,9 %	15,3 %	13,8 %
4	7,5 %	16,9 %	11,2 %
5	8,6 %	22,0 %	13,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,015

• Descoñecemento do léxico xeral

Táboa 2.3.18. Descoñecemento do léxico xeral

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	51,1 %	34,5 %	44,6 %
2	28,9 %	25,9 %	27,7 %
3	8,9 %	19,0 %	12,8 %
4	6,7 %	12,1 %	8,8 %
5	4,4 %	8,6 %	6,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,122

• Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo

As dificultades para falar en galego polo descoñecemento do léxico específico da área de traballo son moi semellantes por descoñecemento do léxico xeral recollidas no cadro anterior.

En relación ás dificultades do léxico específico observamos que só parecen grandes para un 15,8 % do profesorado, mentres que un 67,1 % parece presentar poucas ou ningunha.

Táboa 2.3.19. Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	42,4 %	40,0 %	41,4 %
2	29,3 %	20,0 %	25,7 %
3	17,4 %	16,7 %	17,1 %
4	6,5 %	11,7 %	8,6 %
5	4,3 %	11,7 %	7,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,276

• Vergoña en falalo con quen nunca o falou

O feito de ter vergoña en falalo con quen nunca o falou semella non ser un problema substancial á hora de comunicarse oralmente en galego, case tres de cada catro docentes ten unha dificultade mínima neste aspecto.

Táboa 2.3.20. Vergoña en falalo con quen nunca o falou

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	76,7 %	70,7 %	4,3 %
2	10,5 %	12,1 %	11,1 %
3	7,0 %	6,9 %	6,9 %
4	2,3 %	5,2 %	3,5 %
5	3,5 %	5,2 %	4,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,862





Gráfico 2.3.2. Dificultades para empregar o galego oral

Podemos sintetizar os apartados anteriores, mediante o cálculo da media e do desvío padrón dos distintos ítems relativos ás dificultades para comunicarse oralmente en galego. Lembremos que o 1 corresponde á dificultade mínima e o 5 á máxima. Un nivel máis alto da media indica maior dificultade e o desvío padrón indica o grao de desacordo ou heteroxeneidade: se todas as persoas enquisadas tiveran a mesma dificultade, o desvío sería cero (mínimo) e no outro extremo de máxima heteroxeneidade, se a metade non tivera dificultade ningunha e a outra metade a dificultade máxima, o desvío sería 2 (valor máximo).

Táboa 2.3.21. Grao de dificultade para empregar o galego oral

	Media	Desvío padrón
Descoñecemento da gramática do galego	2,11	1,326
Mala pronuncia	1,72	1,120
Falta de fluidez	2,32	1,481
Descoñecemento do léxico xeral	2,04	1,217
Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo	2,14	1,252
Vergoña en falalo con quen nunca o falou	1,52	1,051
Outra dificultade	1,59	1,242

• Outra dificultade

Das persoas que manifestan ter outras dificultades para se expresar en galego, vemos que a maior parte delas considera que esa dificultade é mínima e só un 8,2 % a cualifica de máxima.

Táboa 2.3.22. Outra dificultade

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	75,4 %	81,8 %	77,6 %
2	7,7 %		5,1 %
3	7,7 %	3,0 %	6,1 %
4	3,1 %	3,0 %	3,1 %
5	6,2 %	12,1 %	8,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,356

Pedíuselles ás persoas enquisadas que no caso de ter outra dificultade para falar en galego, indicasen cal era. As respostas obtidas foron sintetizadas nas seguintes:

- Consideración do galego como unha lingua local que separa os seus falantes.
- Dificultades en atopar cursos para aprendelo.
- Non ter a posibilidade de aprendelo correctamente.
- Existencia dun contorno castelanfalante.
- Non falar en galego con quen non fala en galego.
- Falar con fluidez portugués. Confusión do galego co portugués.
- Mal entendemento por parte dos demais interlocutores/as.
- O interlocutor/a non fala galego nunca.
- Preferencia de familiares e amizades para non usar o galego.
- Non estar afeitos a que un estranxeiro se comunique en galego.
- Ser estranxeiro.
- O contexto castelanfalante é tan maioritario que a diglosia se acentúa cara ao castelán.
- Dificultades polos cambios constantes na normativa.
- Existencia de lagoas terminolóxicas na norma oficial.
- Falla de vocabulario propio do galego no ámbito xeral.

2.3.3. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ESCRITO

• Descoñecemento da gramática e da ortografía do galego

O descoñecemento da gramática e da ortografía á hora de empregar o galego escrito presenta graos de dificultade similares aos rexistrados no galego oral; neste caso o 21,6 % dos/as docentes afirma ter dificultades elevadas á hora de usar o galego escrito por mor da gramática e ortografía.

Táboa 2.3.23. Descoñecemento da gramática e da ortografía do galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	36,3 %	32,3 %	34,7 %
2	23,5 %	26,2 %	24,6 %
3	17,6 %	21,5 %	19,2 %
4	12,7 %	10,8 %	12,0 %
5	9,8 %	9,2 %	9,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,945

• Dúbidas ortográficas

Táboa 2.3.24. Dúbidas ortográficas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	27,4 %	31,9 %	29,1 %
2	31,1 %	20,3 %	26,9 %
3	21,7 %	18,8 %	20,6 %
4	9,4 %	20,3 %	13,7 %
5	10,4 %	8,7 %	9,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,199

• Falta de fluidez

A falta de fluidez non parece ser unha dificultade á hora da escrita en galego, case a metade manifesta que esta é mínima ao escribiren en galego.

Táboa 2.3.25. Falta de fluidez

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	50,5 %	45,0 %	48,4 %
2	21,2 %	11,7 %	17,6 %
3	7,1 %	11,7 %	8,8 %
4	11,1 %	23,3 %	15,7 %
5	10,1 %	8,3 %	9,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,151

• Descoñecemento do léxico xeral

Táboa 2.3.26. Descoñecemento do léxico xeral

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	46,5 %	40,7 %	44,3 %
2	28,3 %	18,6 %	24,7 %
3	13,1 %	22,0 %	16,5 %
4	6,1 %	11,9 %	8,2 %
5	6,1 %	6,8 %	6,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,288

• Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo

Táboa 2.3.27. Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	39,0 %	33,9 %	37,0 %
2	30,0 %	24,2 %	27,8 %
3	19,0 %	21,0 %	19,8 %
4	7,0 %	9,7 %	8,0 %
5	5,0 %	11,3 %	7,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,525

Podemos sintetizar os apartados anteriores, mediante o cálculo da media e do desvío padrón dos distintos ítems relativos ás dificultades para comunicarse por escrito en galego. Lembremos que o 1 corresponde á dificultade mínima e o 5 ao nivel de dificultade máxima.

Táboa 2.3.28. Grao de dificultade para empregar o galego escrito

	Media	Desvío padrón
Descoñecemento da gramática e da ortografía do galego	2,37	1,324
Dúbidas ortográficas	2,48	1,304
Falta de fluidez	2,20	1,422
Descoñecemento do léxico xeral	2,08	1,229
Descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo	2,21	1,233
Outra dificultade	1,33	,959

• Outra dificultade

O 87,1 % das persoas que expresan outras dificultades á hora de escribir en galego afirman que estas son mínimas.

Táboa 2.3.29. Outra dificultade

	SEXO		
	Home	Muller	Total
1	82,6 %	95,8 %	87,1 %
2	4,3 %		2,9 %
3	4,3 %	4,2 %	4,3 %
4	2,2 %		1,4 %
5	6,5 %		4,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,486

Pedíuselles ás persoas enquisadas que no caso de ter outra dificultade para escribir en galego indicasen cal era. As respostas obtidas foron sintetizadas nas seguintes:

- Ter estudado varias normativas distintas e non coincidentes co galego familiar aprendido.
- Confusión coa ortografía portuguesa.
- Non considerar o galego un idioma útil fóra de Galicia.
- Expresarse moito mellor na súa lingua materna.
- Problema en decantarse pola ortografía reintegracionista –aínda que sexa de mínimos– (que lle custa máis á xente entender) ou á normativa isolacionista (que non comparte).
- Ser estranxeiro.
- Terminolóxica; adecuación á norma.
- Considerar que non se escribe correctamente por malos hábitos gramaticais.
- Considerar que non se escribe en galego por descoñecemento do léxico.

2.4. USOS ORAIS E ESCRITOS DA LINGUA GALEGA

Neste apartado preténdese pór de manifesto os distintos usos orais e escritos da lingua galega nas diferentes tarefas levadas a cabo no desenvolvemento da actividade profesional.

2.4.1. LINGUA EMPREGADA NAS CLASES


No uso do galego como lingua de docencia nas clases vemos que hai dous grupos de profesorado que ou ben usan sempre o castelán ou ben usan sempre o galego, con porcentaxes arredor do 22-23 %. Este empate entre ambas as linguas, non existe se consideramos o profesorado que usa maioritariamente unha ou outra lingua, de xeito que un 31,8 % utiliza maioritariamente o castelán, fronte a só un 16 % que usa maioritariamente o galego.

Táboa 2.4.1. Lingua empregada nas clases

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,5 %	2,0 %	1,7 %
Maioritariamente castelán	29,3 %	35,1 %	31,8 %
Maioritariamente galego	16,2 %	15,9 %	16,0 %
Outra lingua	4,0 %	4,6 %	4,3 %
Sempre castelán	21,2 %	23,8 %	22,3 %
Sempre galego	27,8 %	18,5 %	23,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,489

Gráfico 2.4.1. Lingua empregada nas clases



2.4.2. LINGUA EMPREGADA COS COMPAÑEÍROS/AS DO DEPARTAMENTO

Semellantes resultados relativos ao uso dunha ou doutra lingua nas clases é o que se rexistra nos usos lingüísticos cos compañeiros/as do departamento, coa diferenza que neste último caso a porcentaxe de utilización «sempre en galego» supera nun 5 % á porcentaxe de uso «sempre en castelán».

Táboa 2.4.2. Lingua empregada cos compañeiros/as do departamento

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,7 %	0,6 %
Maioritariamente castelán	37,4 %	36,4 %	37,0 %
Maioritariamente galego	23,2 %	21,9 %	22,6 %
Outra lingua	0,5 %		0,3 %
Sempre castelán	13,6 %	21,9 %	17,2 %
Sempre galego	24,7 %	19,2 %	22,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,365

2.4.3. LINGUA EMPREGADA NAS RELACIÓNS ADMINISTRATIVAS COA UNIVERSIDADE

No uso do idioma nas relacións coa Universidade hai unha clara predominancia do uso do galego. Obsérvese que máis do 40 % do profesorado usa sempre o galego e que tres de cada catro docentes utilizan o galego dun xeito habitual.

Táboa 2.4.3. Lingua empregada nas relacións administrativas coa Universidade

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,7 %	0,6 %
Maioritariamente castelán	17,7 %	11,3 %	14,9 %
Maioritariamente galego	34,3 %	35,8 %	35,0 %
Outra lingua	0,5 %		0,3 %
Sempre castelán	8,6 %	9,3 %	8,9 %
Sempre galego	38,4 %	43,0 %	40,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,590

2.4.4. LINGUA EMPREGADA NAS XUNTAS DE CENTRO

Nas xuntas de centro a lingua vehicular é o galego (unicamente ou maioritariamente) para máis da metade do profesorado e supera o uso do castelán

Táboa 2.4.4. Lingua empregada nas xuntas de centro

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	4,5 %	7,3 %	5,7 %
Mayoritariamente castelán	25,3 %	29,1 %	26,9 %
Mayoritariamente galego	21,7 %	11,9 %	17,5 %
Outra lingua	0,5 %		0,3 %
Sempre castelán	15,2 %	17,9 %	16,3 %
Sempre galego	32,8 %	33,8 %	33,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,187

2.4.5. LINGUA EMPREGADA CO ALUMNADO DENTRO DA AULA

A situación dos ítems anteriores invértese se analizamos a lingua empregada co alumnado dentro da aula, deste xeito máis da metade utiliza como lingua vehicular na aula o castelán, aínda que os que manifestan utilizar sempre o galego superan amplamente aos que usan sempre o castelán.



Táboa 2.4.5. Lingua empregada co alumnado dentro da aula

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,0 %	1,3 %	1,1 %
Maioritariamente castelán	34,8 %	39,7 %	37,0 %
Maioritariamente galego	18,2 %	16,6 %	17,5 %
Outra lingua	4,0 %	3,3 %	3,7 %
Sempre castelán	15,2 %	17,9 %	16,3 %
Sempre galego	26,8 %	21,2 %	24,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,797

2.4.6. LINGUA EMPREGADA CO ALUMNADO FÓRA DA AULA

Se examinamos a lingua empregada fóra da aula obtemos resultamos moi semellantes aos rexistrados no uso co alumnado dentro desta.

Táboa 2.4.6. Lingua empregada co alumnado fóra da aula

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,0 %	1,3 %	1,1 %
Maioritariamente castelán	39,9 %	43,7 %	41,5 %
Maioritariamente galego	22,7 %	19,9 %	21,5 %
Outra lingua	1,0 %	0,7 %	0,9 %
Sempre castelán	9,6 %	14,6 %	11,7 %
Sempre galego	25,8 %	19,9 %	23,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,563

2.4.7. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS EXAMES

Á hora de redactar os exames vemos como se impón a opción de facelo sempre en castelán e tamén é superior a porcentaxe dos/as que manifestan utilizar maioritariamente o castelán respecto ao uso maioritario do galego.

Apréciase unha maior porcentaxe de mulleres que usan sempre o castelán (43 % fronte a un 31,3 % nos homes, así como, unha redución nas mulleres que utilizan sempre o galego (23,2 % fronte a un 30,3 % nos homes).

Táboa 2.4.7. Lingua empregada para redactar os exames

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	3,3 %	1,7 %
Maioritariamente castelán	21,2 %	14,6 %	18,3 %
Maioritariamente galego	13,6 %	12,6 %	13,2 %
Outra lingua	3,0 %	3,3 %	3,2 %
Sempre castelán	31,3 %	43,0 %	36,4 %
Sempre galego	30,3 %	23,2 %	27,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,053

2.4.8. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS PROGRAMAS E OS APUNTAMENTOS

Á hora de redactar o material para a docencia vemos que é opción maioritaria o castelán.


Táboa 2.4.8. Lingua empregada para redactar os exames

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		2,6 %	1,1 %
Maioritariamente castelán	28,8 %	26,5 %	27,8 %
Maioritariamente galego	13,1 %	14,6 %	13,8 %
Outra lingua	3,5 %	3,3 %	3,4 %
Sempre castelán	25,3 %	28,5 %	26,6 %
Sempre galego	29,3 %	24,5 %	27,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,252

2.4.9. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

A opción «outra lingua» impónse á hora de usa a lingua para redactar os traballos de investigación, o cal está claramente vencellado co uso xeneralizado do inglés nos traballos científicos. Só un 17,2 % dos/as docentes manifestan usar o galego como lingua principal dos seus traballos de investigación.



Táboa 2.4.9. Lingua empregada para redactar os traballos de investigación

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,0 %	4,0 %	3,4 %
Maioritariamente castelán	18,2 %	23,8 %	20,6 %
Maioritariamente galego	9,1 %	7,9 %	8,6 %
Outra lingua	43,4 %	41,1 %	42,4 %
Sempre castelán	16,7 %	15,9 %	16,3 %
Sempre galego	9,6 %	7,3 %	8,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,797

2.4.10. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR AS PUBLICACIÓNS

Situación similar á anterior é a observada no uso do idioma para redactar as publicacións, aínda que máis acusada no uso doutra lingua.

Táboa 2.4.10. Lingua empregada para redactar as publicacións

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %	4,0 %	2,9 %
Maioritariamente castelán	14,6 %	18,5 %	16,3 %
Maioritariamente galego	8,6 %	5,3 %	7,2 %
Outra lingua	51,5 %	53,6 %	52,4 %
Sempre castelán	14,6 %	14,6 %	14,6 %
Sempre galego	8,6 %	4,0 %	6,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,300

2.4.11. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS CORREOS ELECTRÓNICOS PARA O ALUMNADO

Máis da metade do profesorado usa o galego como lingua principal para redactar os correos electrónicos dirixidos ao alumnado, aínda que cómpre sinalar que entre as mulleres o castelán é a lingua principal

Táboa 2.4.11. Lingua empregada para redactar os correos electrónicos dirixidos ao alumnado

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		2,6 %	1,1 %
Maioritariamente castelán	18,7 %	23,8 %	20,9 %
Maioritariamente galego	21,7 %	17,9 %	20,1 %
Outra lingua	2,5 %	4,6 %	3,4 %
Sempre castelán	20,7 %	25,2 %	22,6 %
Sempre galego	36,4 %	25,8 %	31,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,037

2.5. ACTITUDES E OPINIÓNS

2.5.1. OPINIÓN SOBRE O AXEITADO CON RESPECTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

Mentres que unha clara maioría do profesorado afirma que o seu departamento conta cunha versión en galego da páxina web (71,9), vemos que só o 35,8 % usa esta versión nos seus dispositivos electrónicos e que non chega ao 30 % a porcentaxe de docentes que usa o galego nas redes sociais.

O tradutor automático da Universidade é coñecido por unha ampla maioría do profesorado, que fixo uso tamén desta ferramenta dun xeito maioritario. Rexístrase que entre as mulleres, tanto o coñecemento como o uso do tradutor automático supera ao dos homes. A meirande parte do profesorado, tanto homes coma mulleres, pensan que as TIC en galego son indispensables para consolidar a lingua.

Táboa 2.5.1. A páxina web do departamento conta con versión en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	12,1 %	16,6 %	14,0 %
Non	15,7 %	11,9 %	14,0 %
Si	72,2 %	71,5 %	71,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,357

Táboa 2.5.2. O galego é a lingua seleccionada para os seus dispositivos electrónicos que usa a diario (smartphone, tableta, ordenador etc.)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	5,1 %	0,7 %	3,2 %
Non	59,1 %	63,6 %	61,0 %
Si	35,9 %	35,8 %	35,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,063



Táboa 2.5.3. Utilización da versión galega das redes sociais en que participa habitualmente

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	15,2 %	9,9 %	12,9 %
Non	55,1 %	64,2 %	59,0 %
Si	29,8 %	25,8 %	28,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,172

Táboa 2.5.5. En caso afirmativo, usouno algunha vez?

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,7 %		0,4 %
Non	24,5 %	24,6 %	24,6 %
Si	74,8 %	75,4 %	75,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,641

Táboa 2.5.6. Opinión sobre que as TIC en galego son indispensables para consolidar a lingua galega

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	6,1 %	6,6 %	6,3 %
Non	19,2 %	11,9 %	16,0 %
Si	74,7 %	81,5 %	77,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,186

2.5.2. PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE LINGUA GALEGA ORGANIZADOS POLA UNIVERSIDADE

Táboa 2.5.7. Participación en cursos de lingua galega organizados pola Universidade

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %		1,1 %
Non	89,4 %	85,4 %	87,7 %
Si	8,6 %	14,6 %	11,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,051

Táboa 2.5.8. Se contestou afirmativamente, como avalía o(s) curso(s) realizado(s)?

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Nada satisfactorio(s)	5,9 %		2,6 %
Pouco satisfactorio(s)	17,6 %	9,1 %	12,8 %
Satisfactorio(s)	58,8 %	50,0 %	53,8 %
Moi satisfactorio(s)	17,6 %	40,9 %	30,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,30

Só un pouco máis de un de cada dez docentes participou en cursos de lingua galega organizados pola Universidade, esta porcentaxe é lixeiramente superior entre as mulleres (14,6 % fronte a 8,6 % para os homes). Os cursos son avaliados como satisfactorios ou moi satisfactorios polo 84,6 % do profesorado.

2.5.3. COÑECEMENTO DA EXISTENCIA DO REGULAMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Táboa 2.5.7. Coñecemento da existencia do Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,5 %	1,3 %	1,4 %
Non	34,3 %	39,1%	36,4 %
Si	64,1 %	59,6 %	62,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,660

2.5.4. OPINIÓN SOBRE O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA


Táboa 2.5.10. Grao de uso da lingua galega na Universidade de Vigo en xeral

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %	2,6 %	2,3 %
Insuficiente	50,5 %	51,0 %	50,7 %
Adecuado	40,4 %	41,7%	41,0 %
Excesivo	7,1 %	4,6 %	6,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,793

A metade do profesorado considera insuficiente o grao de uso da lingua galega, en xeral, na Universidade e só un 6 % o considera excesivo. Semellantes resultados obtéñense para o grao de uso da lingua galega no centro e no departamento e redúcese nestes casos a porcentaxe de docentes que consideran que o grao de uso é excesivo (2 % no centro e 1,4 % nos departamentos).

Gráfico 2.5.1. Grao de uso, en xeral, do galego na Universidade de Vigo



Táboa 2.5.11. Grao de uso da lingua galega na Universidade de Vigo no seu centro

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,5 %	3,3 %	2,3 %
Adecuado	43,9 %	47,0 %	45,3 %
Excesivo	3,0 %	0,7 %	2,0 %
Insuficiente	51,5 %	49,0 %	50,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,274



Táboa 2.5.12. Grao de uso da lingua galega na Universidade de Vigo no departamento

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,5 %	3,3 %	2,9 %
Adecuado	51,0 %	51,0 %	51,0 %
Excesivo	2,5 %		1,4 %
Insuficiente	43,9 %	45,7 %	44,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,255


2.5.5. OPINIÓN SOBRE QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO DEBERÍA IMPULSAR ACCIÓNS QUE INCREMENTEN A DOCENCIA EN GALEGO

Dous de cada tres docentes consideran que a Universidade de Vigo debe impulsar accións a prol do uso do galego na docencia.

Táboa 2.5.13. Opinión sobre que a Universidade de Vigo debería impulsar accións que incrementen a docencia en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	5,1 %	6,6 %	5,7 %
Non	31,3 %	25,8 %	28,9 %
Si	63,6 %	67,5 %	65,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,482



2.5.6. CONSIDERACIÓN DE ESTAR CAPACITADO PARA IMPARTIR AS CLASES EN GALEGO

Máis dun oitenta por cento do profesorado da Universidade considérase capacitado para impartir as clases en galego, pero das persoas que aínda non o fan, só algo menos da metade estarían dispostas a facelo.

Táboa 2.5.14. Esta capacitado para impartir as clases en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		3,3 %	1,4 %
Non	15,7 %	15,9 %	15,8 %
Si	84,3 %	80,8 %	82,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,035

Táboa 2.5.15. Esta disposto a dar as clases en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	34,8 %	33,8 %	34,4 %
Non	20,2 %	18,5 %	19,5 %
Si	44,9 %	47,7 %	46,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,866

2.5.7. NECESIDADE DE ACTIVIDADES PARA ELIMINAR OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Máis dun sesenta por cento do profesorado da Universidade considera necesario realizar actividades dinamizadoras para eliminar os prexuízos lingüísticos e fomentar o uso do galego dentro da institución.

Táboa 2.5.16. Necesidade de actividades para eliminar os prexuízos lingüísticos e fomentar o uso da lingua galega na Universidade de Vigo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,5 %	5,3 %	4,3 %
Non	31,3 %	30,5 %	30,9 %
Si	65,2 %	64,2 %	64,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,722$

2.6. CONSIDERACIÓN DE SER AXEITADO DENDE O SEU PUNTO DE VISTA

Unha vez preguntados sobre distintos ítems sobre a consideración de ser axeitado, obtivéronse os seguintes resultados que podemos sintetizar en: os/as docentes maioritariamente (73,7 %) están en desacordo coa idea de que para falar mal o galego é mellor non falalo, polo tanto, amósanse dispoñibles para usar a lingua a pesar de ser conscientes das dificultades que puideran ter. Similares resultados obtéñense na mesma pregunta, pero respecto ao uso do inglés. Ademais, dous de cada tres docentes está en desacordo coa consideración de que o galego non é un idioma axeitado para a investigación científica.

Se inquirimos sobre o uso do galego con xente de fóra de Galicia, vemos que hai unha separación dos/as docentes en dous grupos de similar tamaño no que respecta a estar de acordo co uso do galego con esas persoas.

Practicamente tres de cada catro docentes están en desacordo ao considerar o galego como unha lingua familiar e coloquial. Tamén é maioritaria a opción de desacordo (parcial ou total) cando se pregunta sobre se soa mal o galego na xente que se bota a falalo por primeira vez, sobre que o galego se mantén grazas ás subvencións e, especialmente, cando se pregunta se a lingua galega é un atranco para aprender outras linguas.

Case un 80 % das e dos docentes non considera que o galego sexa unha lingua imposta, pero só o 60 % está en desacordo coa opinión de que o galego normativo é unha lingua inventada.

Táboa 2.6.1. Para falar mal o galego é mellor non falalo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %	1,3 %	1,7 %
Totalmente en desacordo	46,5 %	43,0 %	45,0 %
Bastante en desacordo	26,3 %	31,8 %	28,7 %
Indiferente	10,6 %	7,9 %	9,5 %
Bastante de acordo	9,6 %	9,9 %	9,7 %
Totalmente de acordo	5,1 %	6,0 %	5,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,827

Táboa 2.6.2. O galego non é un idioma axeitado para a investigación científica

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	2,6 %	1,4 %
Totalmente en desacordo	55,1 %	55,0 %	55,0 %
Bastante en desacordo	11,1 %	12,6 %	11,7 %
Indiferente	10,6 %	8,6 %	9,7 %
Bastante de acordo	9,1 %	7,9 %	8,6 %
Totalmente de acordo	13,6 %	13,2 %	13,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,639

Táboa 2.6.3. O galego non se debe usar cando hai persoas de orixe foránea ou descoñecidas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,5 %	2,0 %	2,9 %
Totalmente en desacordo	23,7 %	15,9 %	20,3 %
Bastante en desacordo	15,7 %	25,8 %	20,1 %
Indiferente	18,7 %	11,9 %	15,8 %
Bastante de acordo	21,2 %	28,5 %	24,4 %
Totalmente de acordo	17,2 %	15,9 %	16,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,033

Táboa 2.6.4. Para falar mal o inglés é mellor non falalo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,0 %	2,0 %	2,6 %
Totalmente en desacordo	46,5 %	42,4 %	44,7 %
Bastante en desacordo	25,8 %	29,8 %	27,5 %
Indiferente	11,6 %	7,9 %	10,0 %
Bastante de acordo	8,6 %	11,9 %	10,0 %
Totalmente de acordo	4,5 %	6,0 %	5,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,605

Táboa 2.6.5. O galego é unha lingua coloquial e familiar

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,5 %	3,3 %	2,9 %
Totalmente en desacordo	52,0 %	70,2 %	59,9 %
Bastante en desacordo	19,7 %	8,6 %	14,9 %
Indiferente	11,6 %	12,6 %	12,0 %
Bastante de acordo	7,6 %	2,6 %	5,4 %
Totalmente de acordo	6,6 %	2,6 %	4,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,002

Táboa 2.6.6. O galego soa mal na xente que se bota a falalo por primeira vez

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,0 %	0,7 %	2,0 %
Totalmente en desacordo	46,0 %	61,6 %	52,7 %
Bastante en desacordo	22,2 %	18,5 %	20,6 %
Indiferente	21,7 %	13,9 %	18,3 %
Bastante de acordo	4,5 %	4,0 %	4,3 %
Totalmente de acordo	2,5 %	1,3 %	2,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,063

Táboa 2.6.7. O galego mantense grazas ás subvencións

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,5 %	4,0 %	3,2 %
Totalmente en desacordo	50,0 %	56,3 %	52,7 %
Bastante en desacordo	21,7 %	17,9 %	20,1 %
Indiferente	13,6 %	12,6 %	13,2 %
Bastante de acordo	9,1 %	8,6 %	8,9 %
Totalmente de acordo	3,0 %	0,7 %	2,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,503

Táboa 2.6.8. O galego é un obstáculo para aprender outras linguas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %		1,1 %
Totalmente en desacordo	82,3 %	88,1 %	84,8 %
Bastante en desacordo	4,0 %	6,0 %	4,9 %
Indiferente	6,6 %	4,0 %	5,4 %
Bastante de acordo	2,5 %	1,3 %	2,0 %
Totalmente de acordo	2,5 %	0,7 %	1,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,190

Táboa 2.6.9. O galego é, dalgún xeito, unha lingua imposta, como o foi antes o castelán

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,0 %	3,3 %	2,0 %
Totalmente en desacordo	70,7 %	66,2 %	68,8 %
Bastante en desacordo	9,6 %	10,6 %	10,0 %
Indiferente	6,6 %	7,3 %	6,9 %
Bastante de acordo	8,1 %	11,3 %	9,5 %
Totalmente de acordo	4,0 %	1,3 %	2,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,328

Táboa 2.6.10. O galego normativo é unha lingua inventada

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,5 %	1,3 %	2,0 %
Totalmente en desacordo	34,8 %	36,4 %	35,5 %
Bastante en desacordo	23,7 %	25,8 %	24,6 %
Indiferente	13,6 %	17,9 %	15,5 %
Bastante de acordo	18,2 %	14,6 %	16,6 %
Totalmente de acordo	7,1 %	4,0 %	5,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,559



03

ANÁLISE LINGÜÍSTICA
E SOCIOLINGÜÍSTICA DO PAS
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

3.1. APRENDIZAXE DA FALA, DA ESCRITA E DA LECTURA

3.1.1. LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR


Practicamente a metade do PAS aprendeu a falar en castelán unicamente, aínda que se consideramos as persoas que aprenderon a falar en galego ou ben en ambas as dúas, temos que unha de cada dúas persoas enquisadas tiveron o galego como vehículo lingüístico de aprendizaxe da fala.

Táboa 3.1.1. Lingua en que aprendeu a falar

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	11%		0,4 %
Ambas as dúas	33,7 %	27,5 %	29,8 %
Castelán	41,3 %	53,1 %	48,8 %
Galego	23,9 %	18,8 %	20,6 %
Outra lingua		0,6 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,240

Gráfico 3.1.1. Primeira lingua aprendida a falar



Táboa 3.1.2. Lingua en que aprendeu a falar segundo a idade

	IDADE						
	NS/NC	26-30	31-35	36-45	46-55	>55	Total
NS/NC						2,3 %	0,4 %
Ambas as dúas	50,0 %	50,0 %	60,0 %	35,9 %	28,1 %	20,5 %	29,8 %
Castelán	50,0 %	50,0 %		46,9 %	49,6 %	54,5 %	48,8 %
Galego			40,0 %	15,6 %	22,2 %	22,7 %	20,6 %
Outra lingua				1,6 %			0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,617

Táboa 3.1.3. Grao de dificultade para escribir en galego segundo a categoría docente

	CAMPUS				
	Ourense	Pontevedra	Vigo (Lagoas, Marcosende)	Vigo (Torrecedeira)	Total
NS/NC		2,4 %			0,4 %
Ambas as dúas	29,2 %	40,5 %	28,2 %	15,4 %	29,8 %
Castelán	35,4 %	28,6 %	57,0 %	69,2 %	48,8 %
Galego	33,3 %	28,6 %	14,8 %	15,4 %	20,6 %
Outra lingua	2,1 %				0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,005

Táboa 3.1.4. Lingua en que aprendeu a falar segundo a categoría profesional

	CATEGORÍA PROFESIONAL		
	Funcionario	Laboral	Total
NS/NC		0,8 %	0,4 %
Ambas as dúas	23,4 %	35,9 %	29,8 %
Castelán	55,6 %	42,2 %	48,8 %
Galego	21,0 %	20,3 %	20,6 %
Outra lingua		0,8 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,106

3.1.2. LINGUA EN QUE APRENDEU A LER

No que respecta á aprendizaxe da lectura vemos que foi maioritario o acceso á lectura a través do castelán, mentres que só unha de cada cinco persoas do PAS foi introducida na lectura en galego (unicamente en galego ou ben conxuntamente co castelán)

Táboa 3.1.5. Lingua en que aprendeu a ler

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,3 %	1,9 %	2,4 %
Ambas as dúas	18,5 %	18,1 %	18,3 %
Castelán	76,1 %	78,1 %	77,4 %
Galego	2,2 %	1,3 %	1,6 %
Outra lingua		0,6 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,845

3.1.3. LINGUA EN QUE APRENDEU A ESCRIBIR

Situación semellante á descrita para a lectura atopámola na lingua en que aprenderon a escribir, o castelán é o vehículo maioritario para a introdución da lectura e da escrita no colectivo do PAS.

Táboa 3.1.6. Lingua en que aprendeu a escribir

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,2 %	1,3 %	1,6 %
Ambas as dúas	19,6 %	18,1 %	18,7 %
Castelán	77,2 %	78,8 %	78,2 %
Galego	1,1 %	1,3 %	1,2 %
Outra lingua		0,6 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,912

3.2. LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO

3.2.1. LINGUA HABITUAL

Ao analizar a lingua habitual vemos que as tres categorías incluídas presentan porcentaxes non moi diferentes: non chegan ao 40 % as persoas que usan habitualmente o castelán, o persoal usuario do galego é un 27 % e o que usa ambas as linguas corresponde ao 33 %. O galego utilízao, polo tanto, un 60,3 % do PAS.


Existen moitas diferenzas entre o uso do galego entre os homes e as mulleres, así, mentres que no conxunto dos homes o uso do galego é maioritario (44,6 %), no conxunto das mulleres a lingua maioritaria é o castelán (45,6 %).

Táboa 3.2.1. Lingua habitual

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Ambas as dúas	26,1 %	37,5 %	33,3 %
Castelán	29,3 %	45,6 %	39,7 %
Galego	44,6 %	16,9 %	27,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Gráfico 3.2.1. Lingua habitual



Táboa 3.2.2. Lingua habitual segundo o campus

	CAMPUS				
	Ourense	Pontevedra	Vigo (Lagoas, Marcosende)	Vigo (Torrecedeira)	Total
Ambas as dúas	37,5 %	35,7 %	32,9 %	15,4 %	33,3 %
Castelán	31,3 %	26,2 %	43,6 %	69,2 %	39,7 %
Galego	31,3 %	38,1 %	23,5 %	15,4 %	27,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,077

Táboa 3.2.3. Lingua habitual por categoría profesional

	CATEGORÍA PROFESIONAL		
	Funcionario	Laboral	Total
Ambas as dúas	33,9 %	32,8 %	33,3 %
Castelán	48,4 %	31,3 %	39,7 %
Galego	17,7 %	35,9 %	27,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,002

Se analizamos a procedencia lingüística vía paterna vemos que case a metade do PAS manifesta que a lingua habitual do seu pai é unicamente o galego, resultado que é practicamente idéntico para a lingua habitual da nai.



Táboa 3.2.4. Lingua habitual do pai

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	11%	1,3 %	1,2 %
Ambas as dúas	22,8 %	15,0 %	17,9 %
Castelán	23,9 %	38,1%	32,9 %
Galego	52,2 %	45,6 %	48,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,106

Táboa 3.2.5. Lingua habitual da nai

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,3 %	2,5 %	2,8 %
Ambas as dúas	21,7%	12,5 %	15,9 %
Castelán	28,3 %	38,1%	34,5 %
Galego	46,7%	46,3 %	46,4 %
Outra lingua		0,6 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,241

A inmensa maioría do PAS foi escolarizado maioritariamente en castelán, o que está relacionado claramente coa idade do colectivo.

Táboa 3.2.6. Lingua maioritaria da súa escolarización

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Ambas as dúas	3,3 %	3,1 %	3,2 %
Castelán	95,7 %	95,6 %	95,6 %
Galego	1,1 %	1,3 %	1,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,841

3.2.2. FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA


Un 52,7 % dos membros do colectivo manifesta utilizar regularmente ou sempre o galego, mentres que só un 8,7 % expresa que non o utiliza nunca. Esta frecuencia de uso da lingua galega presenta un comportamento dispar en relación ao sexo, de xeito que a porcentaxe das mulleres que usan o galego «sempre» é practicamente a metade da porcentaxe dos homes e, pola contra, a porcentaxe de mulleres que usa o galego «ás veces» é moi superior á mesma porcentaxe para os homes (39,4 % fronte a 25 % nos homes), resultados que están en consonancia coa súa utilización como lingua habitual vista nos apartados anteriores.

Táboa 3.2.7 Frecuencia de uso, en xeral, da lingua galega

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,2 %	5,6 %	4,4 %
Nunca	7,6 %	9,4 %	8,7 %
Ás veces	25,0 %	39,4 %	34,1 %
Regularmente	34,8 %	30,0 %	31,7 %
Sempre	30,4 %	15,6 %	21,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,018

Gráfico 3.2.2. Frecuencia de uso do galego



Táboa 3.2.8. Lingua habitual segundo o campus

	CAMPUS				
	Ourense	Pontevedra	Vigo (Lagoas, Marcosende)	Vigo (Torrecedeira)	Total
NS/NC	2,1 %	2,4 %	4,7 %	15,4 %	4,4 %
Nunca	8,3 %	2,4 %	8,1 %	38,5 %	8,7 %
Ás veces	27,1 %	26,2 %	38,9 %	30,8 %	34,1 %
Regularmente	33,3 %	47,6 %	28,9 %	7,7 %	31,7 %
Sempre	29,2 %	21,4 %	19,5 %	7,7 %	21,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %		

Proba xi cadrado: valor-p=0,002

Táboa 3.2.9. Frecuencia de uso en xeral do galego segundo a categoría profesional

	CATEGORÍA PROFESIONAL		
	Funcionario	Laboral	Total
NS/NC	6,5 %	2,3 %	4,4 %
Nunca	11,3 %	6,3 %	8,7 %
Ás veces	38,7 %	29,7 %	34,1 %
Regularmente	26,6 %	36,7 %	31,7 %
Sempre	16,9 %	25,0 %	21,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,045

• Frecuencia de uso da lingua galega con distintos interlocutores/as

A frecuencia de uso da lingua galega cos proxenitores está relacionada coa súa lingua habitual, de xeito que as porcentaxes maiores rexistradas corresponden aos que nunca utilizan o galego, procedentes de pais e nais castelanfalantes e os que sempre o utilizan, procedentes de familias galegofalantes. Existen diferenzas significativas entre homes e mulleres á hora de utilizar o galego cos seus proxenitores, en termos xerais, existe unha maior utilización do galego no conxunto dos homes.



Táboa 3.2.10 Frecuencia de uso da lingua galega cos seus proxenitores

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	8,7 %	6,3 %	7,1 %
Nunca	15,2 %	31,9 %	25,8 %
Ás veces	17,4 %	21,3 %	19,8 %
Regularmente	14,1 %	6,3 %	9,1 %
Sempre	44,6 %	34,4 %	38,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,012

No caso do uso do galego cos fillos vemos que as opcións de «nunca» e «ás veces» son maioritarias con respecto a «regularmente» e «sempre», especialmente no caso das mulleres.

Táboa 3.2.11 Frecuencia de uso da lingua galega cos seus fillos/as

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	16,3 %	22,5 %	20,2 %
Nunca	14,1 %	28,1 %	23,0 %
Ás veces	22,8 %	28,1 %	26,2 %
Regularmente	15,2 %	8,1 %	10,7 %
Sempre	31,5 %	13,1 %	19,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,001

Semellantes resultados aos obtidos na frecuencia de uso da lingua galega cos fillos/as son os atopados coa parella. Fillos/as e parella semellan non ser ambientes moi propicios ao uso do galego.

Táboa 3.2.12 Frecuencia de uso da lingua galega coa parella


	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	12,0 %	11,3 %	11,5 %
Nunca	17,4 %	28,8 %	24,6 %
Ás veces	20,7 %	32,5 %	28,2 %
Regularmente	13,0 %	11,9 %	12,3 %
Sempre	37,0 %	15,6 %	23,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,002

Táboa 3.2.13 Frecuencia de uso da lingua galega coas amizades

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,2 %	6,9 %	5,2 %
Nunca	10,9 %	13,8 %	12,7 %
Ás veces	27,2 %	46,3 %	39,3 %
Regularmente	29,3 %	22,5 %	25,0 %
Sempre	30,4 %	10,6 %	17,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000



Táboa 3.2.14 Frecuencia de uso da lingua galega cos compañeiros/as

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,3 %	5,0 %	4,4 %
Nunca	7,6 %	11,3 %	9,9 %
Ás veces	27,2 %	45,6 %	38,9 %
Regularmente	33,7 %	23,8 %	27,4 %
Sempre	28,3 %	14,4 %	19,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,007

3.3. COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO

3.3.1. GRAO DE DIFICULTADE PARA ENTENDER, ESCRIBIR, LER E FALAR EN GALEGO

O grao de dificultade para entender e ler en galego dentro do persoal de administración e servizos é nulo para a inmensa maioría (91,3 % no caso de entender e 81,7 % para a lectura). Este alto nivel de ningún tipo de dificultade para entender e ler en galego baixa notablemente se consideramos a fala e a escrita en galego. Así, só o 68,3 % do PAS manifestou non ter dificultades para falar en galego e só o 57,9 % expresou que non as teñen para escribilo.



Táboa 3.3.1 Grao de dificultade para entender

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Ningunha	88,0 %	93,1 %	91,3 %
Pouca	5,4 %	5,0 %	5,2 %
Moita	6,5 %	1,9 %	3,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,156

Táboa 3.3.2 Grao de dificultade para falar

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %		0,4 %
Ningunha	76,1 %	63,8 %	68,3 %
Pouca	14,1 %	27,5 %	22,6 %
Moita	8,7 %	8,8 %	8,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,054

Táboa 3.3.3 Grao de dificultade para ler

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		0,6 %	0,4 %
Ningunha	82,6 %	81,3 %	81,7 %
Pouca	10,9 %	14,4 %	13,1 %
Moita	6,5 %	3,8 %	4,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %


Proba xi cadrado: valor-p=0,556

Táboa 3.3.4 Grao de dificultade para escribir

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Ningunha	62,0 %	55,6 %	57,9 %
Pouca	31,5 %	35,0 %	33,7 %
Moita	6,5 %	9,4 %	8,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,553

Gráfico 3.3.1. Grao de dificultade



Táboa 3.3.5. Grao de dificultade para falar en galego segundo o campus

	CAMPUS				
	Ourense	Pontevedra	Vigo (Lagoas, Marcosende)	Vigo (Torrecedeira)	Total
NS/NC		2,4 %			0,4 %
Ningunha	81,3 %	69,0 %	66,4 %	38,5 %	68,3 %
Pouca	16,7 %	23,8 %	23,5 %	30,8 %	22,6 %
Moita	2,1 %	4,8 %	10,1 %	30,8 %	8,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,019

Táboa 3.3.6 Grao de dificultade para falar en galego segundo o lugar de nacemento


	LUGAR DE NACEMENTO			
	Galicia	Resto de España	Outro país	Total
Ningunha	69,1 %	28,6 %	66,7 %	67,1 %
Pouca	23,7 %	57,1 %	16,7 %	25,0 %
Moita	7,2 %	14,3 %	16,7 %	7,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,214

Táboa 3.3.7. Grao de dificultade para falar en galego segundo a categoría profesional

	CATEGORÍA PROFESIONAL		
	Funcionario	Laboral	Total
NS/NC		0,8 %	0,4 %
Pouca	21,8 %	23,4 %	22,6 %
Ningunha	67,7 %	68,8 %	68,3 %
Moita	10,5 %	7,0 %	8,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,590



3.3.2. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ORAL

Para analizar o grao de dificultade para empregar o galego oralmente utilizouse unha escala numérica de 1 a 5, en que o 1 corresponde á dificultade mínima e o 5 á dificultade máxima.

Tras preguntarlles polas dificultades atopadas para empregar o galego oralmente, vemos que o descoñecemento da gramática do galego é unha dificultade de nivel baixo (valores 1 e 2 na escala numérica) para o 71,9 % do PAS. Este nivel baixo corresponde ao 70,5 % do PAS se consideramos a mala pronuncia, ao 61,2 % respecto á falta de fluidez, ao 78 % se consideramos o descoñecemento do léxico xeral, ao 77,8 % respecto ao descoñecemento do léxico específico e ao 83,9 % respecto á vergoña a falalo en público.

